



Entidade : DEPUTACIÓN DE OURENSE
NIF : P3200000B
Asunto : RENDICIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2017
Nº Rexistro : TELE/2018/1768

O artigo 223 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, impón ás entidades locais a obriga de rendelas súas contas, e as de tódolos organismos e sociedades delas dependentes, antes do 15 de outubro de cada ano seguinte ao exercicio a que aquelas se refiren.

Examinada a Conta Xeral remitida a este Consello pola entidade referenciada correspondente ao exercicio 2017, feitas as comprobacións oportunas para verificar que a mesma cumpre con todos os requisitos relacionados na Instrución do Consello de Contas aprobada mediante Acordo de 27 de xuño de 2011 adoptado polo seu Pleno, que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición de Contas, e analizada a coherencia interna da información nela contida, comunicolle que se apreciaron incidencias que se recollen no anexo que acompaña o presente escrito.

Como resultado, a conta xeral ten a consideración de conta rendida con defectos, con data 11/10/2018.

Esta consideración da conta xeral significa que non é imprescindible a corrección dos defectos comunicados na conta xeral actual, pero prego que os tomen en consideración para a súa emenda en exercicios futuros.

Porén, de desexar a corrección da incidencias sinaladas na conta xeral actual, deberán no seu caso, solicitar a apertura da conta na Plataforma de rendición telemática, e proceder de acordo co procedemento telemático

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2018



Mª Begoña Villaverde Gómez
Conselleira da Área de Corporacións Locais

Para máis información visite <https://www.rendiciondecontas.es>

DEPUTACIÓN de OURENSE
R/ PROGRESO, 32 - 32003 - OURENSE (OURENSE)